



ACTA

Expediente núm.	Órgano Colexiado
PLN/2026/2	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria:

Ordinaria

Data:

29 de xaneiro de 2026

Duración:

Desde las 19:30 hasta las 21:45

Lugar:

Sala de sesións da Casa Consistorial

Presidida por:

Marisol Morandeira Morandeira

Secretario:

Pablo Portela Fernández

ASISTENCIA Á SESIÓN

Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
33559345E	Alexandre Losada Buide	SÍ
76578117P	Alfonso Losada Rodríguez	SÍ
33860503H	Carlos Placido Bujan Lopez	SÍ
33314153X	Jose Manuel López Rodriguez	SÍ
32818707F	MONICA IGLESIAS PREGO	SÍ
33317846T	Maria Margarita Pereira López	SÍ
32776632E	Marisol Morandeira Morandeira	SÍ
76576129K	María Guadalupe Prado Tomé	SÍ
76576366M	Mónica Roca Ares	NON
33346610Z	Paula Campo Barral	SÍ





33317872A	Pilar Vazquez Ares	SÍ
76584155C	Ramón Rivas Villares	SÍ
76577542P	SOFIA SANCHEZ MIRAGAYA	SÍ
33538075G	Ivan Morado Corral	SÍ

Escusas de asistencia presentadas:

1. Mónica Roca Ares:
«Motivos persoais»

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

Expediente 90/2026. Dación conta resolucións alcaldía dende o N° 2025-1008 ata o N° 2026-0076

Dase conta das resolucións da alcaldía dende o N° 2025-1008 ata o N° 2026-0076.

Aprobación das actas de sesións anteriores

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

Resolución:

O pleno da corporación por unanimidade dos asistentes, cos votos favorables do PSOE, do PP e do BNG, apobou as actas das sesións plenarias de datas 27 de novembro de 2025, 4 e 26 de decembro de 2025 e 15 de xaneiro de 2026.

Expediente 1212/2025. Resolución imposición penalidades por incumprimento contrato dos servizos enerxéticos do alumeado exterior e dos edificios municipais (FACT-2025-1228)

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

<<Feitos e fundamentos de dereito:

Resolución imposición de penalidades por incumprimento do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e Técnicas do Contrato Mixto dos Servizos Enerxéticos do Alumeado Exterior e dos Edificios Municipais. Expte. 1212/2025





Dona María Sol Morandeira Morandeira, alcaldesa do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vistos os seguintes antecedentes que constan no expediente:

-Acordo do Pleno de 28/02/2025 onde se acorda: Adxudicar á empresa “Alisea Esco SA” con CIF A01489954 como autora da proposta máis vantaxosa para a Corporación, o seguinte contrato coas seguintes condicións ofertadas polo licitador e previstas nos pregos da contratación.

Tipo de contrato: administrativo	
Subtipo do contrato: Mixto (subministración e servicios suxeito a regulación harmonizada)	
Obxecto do contrato: “Subministro e Servizos enerxéticos do alumeadado exterior e dos edificios municipais do Concello de Guitiriz”.	
Procedemento de contratación: aberto	Tipo de Tramitación: ordinaria
Código CPV: 50232100-1 Servicios de mantemento alumeadado público de calles 50700000-2 Servicios de reparación y mantemento de equipos de edificios 71314200-4 Servicios de xestión de enerxía dos recollidos no Regulamento (CE) nº 451 /2008 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 23 de abril de 2008.	
Prezo de adxudicación: 6.183.868,85 € + 1.298.612,46 de IVE Enerxía aportada por autoconsumo: 40% da enerxía consumida en edificios a aportar como autoconsumo sobre a base de 450.000 kwh. Prezo de kwh da enerxía aportada como autoconsumo 0,10 euros + IVE	
Duración da execución: 20 anos	Duración máxima: 20 anos
División en lotes: non	Número de lotes:
Condições de execución: a execución do contrato realizarase conforme aos pregos reguladores da contratación e conforme a oferta económica e técnica presentada polo licitador.	

- Contrato administrativo asinado entre o Concello de Guitiriz e Alisea Esco S.A de data 27 /03/2025.

- Factura nº 67 de 01/07/2025 (FACT-2025-1228)

- Informe do técnico de medio ambiente e calidade de responsable do contrato de data de 24/10/2025 no que se establece:

<< (...)

Segundo. Informe.





Tendo en conta o pregos técnicos que rexen o expediente de contratación e o plan de acción para todas as prestacións do contrato presentado polo adxudicatario, a continuación efectúanse as seguintes consideracións, tendo en conta as prestacións nas que se divide dito contrato, a documentación aportada tras o requirimento de documentación e as que contén a factura presentada:

PRESTACION P1. XESTIÓN DO SUBMINISTRO ELÉCTRICO	<i>Importe facturado (IVE incluído): 18.730,06 €</i>
Obrigas adxudicatario incluídas no PPT e no Plan de acción	Cumprimento
<i>A ESE (Empresa de Servizos Enerxéticos) deberá conservar as facturas de subministro e levar un rexistro mensual desglosado da facturación por subministro. Estará dispoñible para o concello cando este o requira, e entregado o final do contrato. No plan de acción aportada polo adxudicatario establece que será entregada mensualmente o concello para a súa verificación (pax. 768), na mesma paxina establece que fará informes de Xestión Enerxética que serán entregados o responsable do contrato coa seguinte estrutura (pax. 820): Informe de aforro mensual Estado instalación Facturación eléctrica Estado dos suministros Estudio de consumos impropios Estudio luminico Evolución liña base.</i>	<i>Non se cumpre. Segundo o adxudicatario esto quedará solventado coa posta en marcha do software de xestión. Non cumpre.</i>
<i>No prazo de 1 mes comprobar que non existen desviacións entre os sistemas de encendido e apagado das instalacións, correxíndoos en caso contrario. Emitirán un informe co resultado e será entregado o concello. (apart. 5,2 do PPT)</i>	<i>A resposta do adxudicatario é que non detectaron diferencias significativas nos sistemas de encendido, polo tanto non hai desviacións.</i>
<i>Acceso o o software ARCADIA e GEMWEB, para crear ou visualizar avisos, inventario, ou verificar o estado de incidencias asociadas o mantemento pendentes de reparar, control de consumos, facturación, . (pax. 738 do plan).</i>	<i>Por parte do adxudicatario danos acceso o software Arcadia, o cal podemos acceder pero non aporta ningún tipo de información, informándonos que ata a posta en marcha da telexestión dos centro de mando non obteremos información algunha.</i>
<i>No prazo de dúas semanas dende o inicio do contrato a ESE presentara unha proposta de fichas e listados que xenera a plataforma informática para a súa aprobación.</i>	<i>A resposta do adxudicatario declara que cando teña operativa a</i>





	<i>plataforma web poderase ter acceso a fichas e listados. Polo tanto, non se cumpre.</i>
PRESTACION P2. MANTEMENTO E INSPECCIÓN	<i>Importe facturado (IVE incluído): 4.714,4 €</i>
Obrigas adxudicatario incluídas no PPT e no Plan de acción	Cumprimento
<i>Tendo en conta o plan de acción (pax. 580) a ESE advirte da subcontratación dos traballos de mantemento. Consta na acta da mesa de contratación do 6/02/2025 que no caso de subcontratación a empresa adxudicataria deberá comunicar tal circunstancia o concello para que sexa autorizado polo organo de contratación (pleno)</i>	<i>Consta documentación aportada pola empresa de data 13/08/2025 e RE: 1300, onde se comunica dita subcontratación. Queda pendente a súa aprobación polo organo de contratación, previsiblemente se fará na sesión plenaria do 30/10 /2025</i>
<i>A ESE emitirá o concello informes sobre os traballos e inspeccións que foron realizando e sobre as incidencias que se produciron (apartado 6 do PPT), que sera de carácter mensual segundo plan presentado (pax. 843)</i>	<i>A resposta do requerimento o adxudicatario declara que cando teña operativa a plataforma web poderase ter acceso os traballos de inspeccións e incidencias producidas. Polo tanto, non se cumpre</i>
<i>No primeiro mes do inicio do contrato, a ESE presentará o concello un Plan de Mantemento Preventivo e de Inspección da Instalación apoiado na normativa vixente. (apartado 6.1 do PPT). No plan de acción da ESE (pax. 843) presentara un plan de mantemento preventivo no primeiro mes de cada ano.</i>	<i>O adxudicatario aporta o plan de mantemento preventivo e de inspección a data 6/10/2025.</i>

PRESTACION P3. GARANTIA TOTAL	<i>Importe facturado (IVE incluído): 943,7 €</i>
Obrigas adxudicatario incluídas no PPT e no Plan de acción	Cumprimento
<i>A ESE propoñerá a organización do servizo de garda e o número de equipos necesarios en función das características do concello, dando</i>	<i>O adxudicatario na documentación aportada en datas 11/07/2025 e 13/08/2025, tan só establece</i>





<p><i>o visto bo por parte da administración local. (apart. 7.1 do PPT)</i></p>	<p><i>quen vai realizar o servizo de garda pero non hai proposta da organización nin equipos necesarios. Polo tanto, non se cumpre.</i></p>
<p><i>Crearé un rexistro electrónico onde reflexe a hora de cada chamada, aviso recibido e accións a subsanar. Este rexistro estará a disposición do técnico do concello (apart. 7.1 do PPT)</i></p>	<p><i>Non se ten constancia de dito rexistro, mentras non exista a posta en marcha do software específico. Aportase listado de incidencias realizadas no mes de xuño, consta unha data ser saber se esta corresponde o día do aviso ou a resolución da incidencia nin se especifica as accións subsandadas en cada unha delas. Polo tanto, cumpre parcialmente este punto</i></p>
<p><i>Existirá un servizo telefónico de garda nas oficinas da ESE o longo das 24 horas do día que reciba os avisos e reclamacións, e a ESE comprometése a integrar dito funcionamento, na actual APP da que dispón o concello. (apart. 7.1 do PPT)</i></p>	<p><i>O adxudicatario declara que existe un servizo telefónico operativo as 24 horas (corresponde a empresa subcontratada). Así mesmo estase a desenrollar unha ferramenta de control de avisos e seguimento de ordenes de traballo para xenerar avisos que aínda non está operativa. Polo tanto, cumpre parcialmente.</i></p>

<p>PRESTACION P4+P5. OBRAS DE MELLORA E RENOVACIÓN DE INSTALACIÓNS + INVERSIÓNS EN AFORRO ENERXÉTICO E ENERXIA RENOVABLES</p>	<p><i>Importe facturado (IVE incluído): 6.436,86 €</i></p>
<p>Obrigas adxudicatario incluídas no PPT e no Plan de acción</p>	<p>Cumprimento</p>
<p><i>Elaboración de informe de estado das instalación e necesidades no prazo de dous meses dende a formalización do contrato e informes relativos as operacións realizadas, asinarase unha acta de aceptación da prestación, que será cando dean comezo as medidas incluídas na prestación. (Plan de acción pax. 46)</i></p>	<p><i>Non consta informes dos traballos executados no mes de xuño nin informe do estado das instalacións e necesidades das mesmas para poder asinar a acta de aceptación das prestacións. Polo tanto, non cumpre.</i></p>
<p><i>Elaboración de informes</i></p>	





<p><i>quincenais onde se describan os avances dos traballos de instalación, e informes de propostas trimestrais (memoria pax. 908)</i></p>	
<p><i>Para cada proposta de execución da prestación P5 presentarase unha memoria técnica (apartado 9 do PPT)</i></p>	<p><i>O adxudicatario declara que as inversións a realizar é preciso rematar a fase de auditorias e definición de medidas de aforro enerxético. A auditorias da casa do concello, centro de día e pavillón Jonathan Carro Paz estan a disposición do concello para sua analise. Así mesmo establece que haberá que determinar se o orzamento da prestación 5 é suficiente para as inversións necesarias a levar a cabo. O responsable do contrato non ten acceso a ningunha auditoria descrita nin proposta de traballos a executar. Polo tanto, non cumpre.</i></p>
<p><i>Certificación dos traballos a medida que se vaian realizando e informes quincenais do avance dos traballos de instalación (pax. 947 do plan)</i></p>	

<p>PRESTACION P6. CONTROL E IMPLANTACIÓN DO PROXECTO</p>	<p><i>Importe facturado (IVE incluído): 351,96 €</i></p>
<p>Obrigas adxudicatario incluídas no PPT e no Plan de acción</p>	<p>Cumprimento</p>
<p><i>A consultora externa, en informes mensuais, verificará a execución das inversións, así como accións de mellora, etc. (apartado 10 do PPT)</i></p>	<p><i>Con data 29/09/2025 presentar subcontratación de empresa externa para dita prestación. Queda pendente a súa aprobación polo órgano de contratación.</i></p>

OUTRAS DISPOSICIONS

- *No prazo non superior a 30 días naturais a formalización do contrato, a ESE remitirá o concello copia das polizas de seguros a todo risco das instalacións (apartado 16 do PPT). **Cumprimento:** Con data 3/10/2025 aporta copia de poliza de seguros. Cumpre*

PLANS DE TRABAJO

1. *O primeiro plan de traballo deberá presentarse nun prazo máximo de 15 días dende a formalización do contrato, onde se inclúan as actuacións de mantemento preventivo previstas nos 6 primeiros meses e as actuacións das prestacións P4 e P5. **Cumprimento:** Consta na memoria incluída na oferta presentada o proceso de contratación. Na resposta do adxudicatario menciona unha reunión mantida nas dependencia municipais (na que non estivo presente o responsable do contrato) no que se estableceu as inversións da P4, mantemento dos edificios municipais, instalación da telexestión e inversións da P5.*





Terceiro. Conclusións

Como consecuencia de todo o anteriormente exposto podemos concluir o seguinte:

- *Procedese a **conformidade con observacións** da factura incluída no expediente: FACT-2025-1228, xa que existen varios incumprimentos por parte do adxudicatario que impiden o responsable do contrato verificar o cumprimento do servizo, non obstante co fin de evitar o enriquecemento inxusto da administración e evitar o posible pago de xuros de demora, procedese a conformidade da mesma.*
- *Así mesmo, deberase iniciar polo órgano correspondente, o correspondente expediente de incumprimentos e penalizacións do contrato, xa que estamos ante un incumprimento leve, segundo establece a cláusula 22, punto 3, do prego de cláusulas administrativas*

E para que conste a efectos oportunos, e salvo mellor criterio, firma o presente informe, en Guitiriz, na data que consta na sinatura electrónica ao marxe.»

- Informe xurídico de 3/11/2025.

- Decreto de incoación imposición de penalidades por incumprimento do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e Técnicas do Contrato Mixto dos Servizos Enerxéticos do Alumeado Exterior e dos Edificios Municipais de data 7/11/2025.

- Alegacións presentadas por Alisea Esco SA con data 11/11/2025 e número de rexistro de entrada 2025-E-RE-2063.

- Informe do técnico de medio ambiente nº 2025-0156 de data 21/11/2025 no que establece:

« (...)

Segundo. Informe.

Tendo en conta o pregos técnicos que rexen o expediente de contratación e o plan de acción para todas as prestacións do contrato presentado polo adxudicatario e as alegacións presentadas polo adxudicatario a continuación faise unha avaliación e dase resposta as alegacións:

1. **Prestación P1:** Xestión do suministro eléctrico.

Feito imputado: Ausencia de proposta de informes de xestión enerxética no prazo de dúas semanas dende o inicio do contrato.

Alegacións: o modelo de periodicidade mensual para a medición e seguimento das obrigacións da prestación P1 foi definido e presentado na oferta técnica. Dito modelo constitúe a proposta formal presentada e mantense actualmente. Solicita validación formal por escrito de dito modelo.





Resposta: A mesa de contratación a hora de valorar o plan de acción presentado polo adxudicatario, tívose en conta o seu contido e valorouse o respecto, e senón puxo ningún impedimento queda aprobado para a súa implantación e posta en marcha, non precisa unha validación a posterior, xa que todo o incluído en dito plan queda aprobado pola mesa da contratación e validado a hora da sinatura do contrato. Non se admite a alegación e o adxudicatario non cumpriu dita obriga no contrato.

2. Prestación P2: Mantemento e inspeccións

Feito imputado: Falta de emisión de informes mensuais sobre traballos, inspeccións e incidencias.

Alegacións: dita cuestión foi obxecto de resposta en escrito de data 8/10/2025, onde fan mención a entrega mensual dos informes de seguimento de traballos, inspeccións e incidencias dando así cumprimento a esta obriga contractual

Resposta: Tendo en conta o prego de prescricións técnica, o adxudicatario emitirá informe sobre traballos e inspeccións que se vaian realizando e sobre as incidencias que se produzan, ademais no plan de acción establece a entrega dun informe mensual do plan de mantemento preventivo e inspeccións indicando os traballos e verificacións feitas durante o mes. O adxudicatario xustifica coa entrega do listado de incidencias atendidas en cada mes, non sendo o que se pide neste apartado. Non se admite a alegación e o adxudicatario non cumpriu dita obriga no contrato.

3. Prestación P3: Mantemento e inspeccións

Feito imputado: Organización de servizo de garda

Alegacións: Os medios técnicos e humanos asignados a prestación P3 son os mesmos que prestan o servizo na prestación P2

Resposta: No prego técnico, no que respecta a P3, establece: “La ESE propondrá al Ayuntamiento la organización del servicio de guardia y el número de equipos necesarios en función de las características del municipio. El Ayuntamiento deberá dar su aviso bueno”

O adxudicatario alega que os medios técnico e humanos asignados a prestación P3 son os mesmos que prestan servizo na prestación P2; estamos ante unha nova subcontratación que non está autorizada polo órgano de contratación. A día de hoxe o adxudicatario conta coa autorización, segundo sesión plenaria do 30/10/2025, para subcontrata a prestación P2 e parcialmente a prestación P4. Así mesmo no escrito presentado polo adxudicatario en data 14/07/2025 con RE: 1132 declara que a prestación P3 vai ser desenvolvida directamente por Alísea. Atopámonos ante una contradicción que se debe aclarar. Non se admite a alegación e o adxudicatario non cumpriu dita obriga no contrato

Feito imputado: Rexistro electrónico de chamadas e avisos





Alegacións: O concello fai comunicacións directas entre o persoal municipal e a empresa subcontratada da xestión das incidencias, o que impide levar a cabo un rexistro centralizado. O obxectivo é implantar unha nova ferramenta de control de ordenes de traballo que se atopa en desenrolo para xerar avisos a traves dun único usuario designado no concello, para a súa efectiva implantación, e precisa a colaboración do concello para establecer un unico canle de comunicación. No plan de acción (pax. 882) ofrece un correo de incidencias, unha paxina web informativa e un telefono de atención cidadá para o rexistro de incidencias. A día de hoxe so existe un correo de incidencias e os telefonos de contacto que corresponde a empresa subcontratada para a prestación P2 e P4. A persoa de recibir os avisos de incidencias no concello, envia os avisos o correo electrónico e comunica por "watsapp" a empresa subcontratada, non existe outro medio de comunicación das incidencia aportado polo adxudicatario. Os informes que se aporta mensualmente é un listado de avarias atendidas eses mes, no que consta data, persoa que recibe o aviso, persoa que da o aviso, lugar, avaria, n.º focos e si se atopa solucionado ou non, non consta (como establece o prego de prescricións tecnicas) data e hora do aviso, e accións feitas para subsanar a posible avaria. Non consta informe dos traballos exectuados de mantemento e inspección que se fixeron a día de hoxe, e que establece o prego tecnico. Toda esta información o adxudicatario ofertou poñer en marcha unha plataforma informática para xestión e consulta dos traballos de mantemento, inspección de incidencias, a día de hoxe non temos constancia da mesma.

Con respecto as comunicacións directas que recibe a empresa subcontratada, o técnico que subscribe descoñece este feito, sendo coñecedor tan só do procedemento descrito anteriormente. Non se admite a alegación e o adxudicatario non cumpriu dita obriga no contrato.

Feito imputado: Servizo telefónico de garda

Alegacións: no contrato contempla a figura dun responsable por parte de Alisea, cuio número de contacto estivo operativo e a disposición do responsable do contrato dende o inicio da prestación. Solicita aclaración sobre o alcance específico do presunto incumprimento, dado que se entende que se cumpriu esta obriga.

Resposta: tanto no prego de prescricións técnicas como no plan de acción debe existir un telefono de contacto para o servizo de garda as 24 horas do día para avisos e incidencias, e dicir, calquera cidadán pode comunicar unha incidencia. Dito telefono non consta para ta fin. Non se admite a alegación e o adxudicatario non cumpriu dita obriga no contrato.

4. Prestación P4 e P5: Obras de mellora e renovación + inversión en aforro enerxético.

Feito imputado e alegacións (informe estado das instalacións): Para a elaboración das auditorias enerxéticas resulta imprescindible dispoñer de documentación , especificamente facturas de subministro eléctrico, que foi solicitada polo concello e recibida no transcurso dun tempo significativo dende o inicio do contrato. A día de hoxe elaborouse as auditorias de 5 edificios municipais, as restantes iranse entregando segundo se complete a súa





elaboración. O retraso existente no é imputable tan so a empresa adxudicataria senón a falta de envío de documentación.

Resposta: Consta que se remitiu documentación a empresa adxudicataria para a elaboración das auditorías, sendo responsable o concello. Se ven é certo, dende a entrega da documentación, con data 14/11/2025 foi remitido por correo electrónico as auditorías enerxéticas do pavillon de deportes, da piscina municipal, da casa consistorial, do centro de día e da escola habanera, superando os 2 meses dende a entrega da documentación. Como non se cumpriu parte das obrigas por parte do concello, admítese a alegación neste punto.

Feito imputado e alegacións (sinatura acta de aprobación): nas reunións mantidas tanto o inicio como o seguimento das inversións, se requeriu a sinatura de ningunha acta por parte do concello. Nin se mencionou tal requisito na reunión mantida para o inicio das inversións P4. Si resulta necesario formalizar dita acta, solicitamos que se remita dita documentación.

Resposta: Chama a atención a alegación presentada polo adxudicatario, xa que a sinatura desta acta, sae do plan de acción presentado por eles no proceso de licitación do contrato, o cal debe ser coñecedor. Concretamente na paxina 902, polo tanto a ESE debe ser a que presente dita acta para a súa revisión polos servizos municipais, e sinatura se procede. Non se admite a alegación e o adxudicatario non cumpriu dita obriga no contrato.

Feito imputado e alegacións (informes quincenais de avance): os avances das inversións P5 xa executadas foron comunicadas periodicamente conforme o seu progreso. Respecto as inversións P4, no momento do seu inicio remitiuse planificación detallada e informárase do seu avance coa periodicidade requirida. O formato específico dos informes, remítese o acordado na reunión mantida a semana pasada con ocasión do inicio dos traballos.

Resposta: A proposta dos informes quincenais, consta no plan de acción do adxudicatario. O técnico que subscribe non ten coñecemento da entrega de ningún informe, nin o acordo do formato. Non se admite a alegación e o adxudicatario non cumpriu dita obriga no contrato.

Feito imputado e alegacións (memoria técnica cada prestación P5): ditas memorias técnicas descritiva das medidas de aforro e eficiencia enerxética, constan nas auditorías enerxéticas elaboradas dos seguintes edificios: pavillon de deportes, da piscina municipal, da casa consistorial, do centro de día e da escola habanera.

Resposta: nas auditorías enerxéticas presentadas por correo electrónico de data 14/11/2025, constan ditas memorias. Admítese a alegación neste punto.

Feito imputado e alegacións (certificado de traballos conforme avanzan): unha vez aprobada formalmente cada Medida de aforro e eficiencia enerxética, iniciárase comunicando puntualmente o seu avance. A prestación da P5 de iluminación xa foi executada, e a data de hoxe non se iniciou ningunha actuación inicial.





Resposta: O adxudicatario declara que levou a cabo actuacións de mellora no alumeadado público, non consta certificación o respecto de dita actuación, tal e como establece o prego técnico. Non se admite a alegación e o adxudicatario non cumpriu dita obriga no contrato.

Terceiro. Conclusións

Como consecuencia de todo o anteriormente exposto podemos concluir que dos 9 incumprimentos que se incoaron e presentaron alegacións a empresa adxudicataria, tan só se admite 2 alegacións, os 7 feitos restantes non se admiten as alegacións, polo tanto debe procederse a proposta de resolución de imposición de penalidades por incumprimento dos prego técnico do contrato.

E para que conste a efectos oportunos, e salvo mellor criterio, firma o presente informe, en Guitiriz, na data que consta na sinatura electrónica ao marxe.»

Considerando a seguinte normativa específica de aplicación ao presente expediente:

1. Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público
2. Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.
3. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
4. Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

De conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Corporacións Locais.

Ao abeiro da atribución concedida ao pleno segundo o artigo 194.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Vista a proposta de resolución PR/2026/31 de 15 de xaneiro de 2026.

Resolución:

O pleno da corporación por unanimidade dos asistentes, cos votos favorables do PSOE, do PP e do BNG, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Desestimar parcialmente as alegacións presentadas en base ao manifestado no informe técnico transcrito anteriormente (“podemos concluir que dos 9 incumprimentos que se incoaron e presentaron alegacións a empresa adxudicataria, tan só se admite 2 alegacións, os 7 feitos restantes non se admiten as alegacións”).





SEGUNDO. Impoñer a Alisea Esco S.A. con CIF A01489954 adxudicatario do contrato, unha penalidade de 309,19 € polo cumprimento defectuoso do mesmo/incumprimento parcial do PCAP e PPT (apartado 22, punto 3, do prego de cláusulas administrativas), penalidade que se fará efectiva mediante dedución das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial deban aboarse ao contratista ou dedución sobre a garantía que se constituíu, cando non podan deducirse dos mencionados pagos.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo aos interesados e comunicar aos servizos municipais afectados.>>

Expediente 1233/2025. Resolución imposición penalidades por incumprimento contrato dos servizos enerxéticos do alumeado exterior e dos edificios municipais (FACT-2025-1401)

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

<< Feitos e fundamentos de dereito:

Resolución imposición de penalidades por incumprimento do Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e Técnicas do Contrato Mixto dos Servizos Enerxéticos do Alumeado Exterior e dos Edificios Municipais. Expte. 1233/2025

Dona María Sol Morandeira Morandeira, alcaldesa do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vistos os seguintes antecedentes que constan no expediente:

-Acordo do Pleno de 28/02/2025 onde se acorda: Adxudicar á empresa “Alisea Esco SA” con CIF A01489954 como autora da proposta máis vantaxosa para a Corporación, o seguinte contrato coas seguintes condicións ofertadas polo licitador e previstas nos pregos da contratación.

Tipo de contrato: administrativo	
Subtipo do contrato: Mixto (subministración e servizos suxeito a regulación harmonizada)	
Obxecto do contrato: “Subministro e Servizos enerxéticos do alumeado exterior e dos edificios municipais do Concello de Guitiriz”.	
Procedemento de contratación: aberto	Tipo de Tramitación: ordinaria
<p>Código CPV:</p> <p>50232100-1 Servizos de mantemento alumeado público de calles</p> <p>50700000-2 Servizos de reparación y mantemento de equipos de edificios</p> <p>71314200-4 Servizos de xestión de enerxía dos recollidos no Regulamento (CE) nº 451 /2008 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 23 de abril de 2008.</p>	
Prezo de adxudicación: 6.183.868,85 € + 1.298.612,46 de IVE Enerxía aportada por autoconsumo: 40% da enerxía consumida en edificios a aportar como autoconsumo sobre	





a base de 450.000 kwh. Prezo de kwh da enerxía aportada como autoconsumo 0,10 euros + IVE

Duración da execución: 20 anos

Duración máxima: 20 anos

División en lotes: non

Número de lotes:

Condições de execución: a execución do contrato realizarase conforme aos pregos reguladores da contratación e conforme a oferta económica e técnica presentada polo licitador.

- Contrato administrativo asinado entre o Concello de Guitiriz e Alisea Esco S.A de data 27 /03/2025.

- Factura nº 76 de 01/08/2025 (FACT-2025-1401)

- Informe do técnico de medio ambiente e calidade de responsable do contrato nº 2025-0139 de data de 24/10/2025 no que se establece:

<< (...)

Segundo. Informe.

Tendo en conta o pregos técnicos que rexen o expediente de contratación e o plan de acción para todas as prestacións do contrato presentado polo adxudicatario, a continuación efectúanse as seguintes consideracións, tendo en conta as prestacións nas que se divide dito contrato, a documentación aportada tras o requirimento de documentación e as que contén a factura presentada:

PRESTACION P1. XESTIÓN DO SUBMINISTRO ELÉCTRICO	<i>Importe facturado (IVE incluído): 18.730,06 €</i>
Obrigas adxudicatario incluídas no PPT e no Plan de acción	Cumprimento
<i>A ESE (Empresa de Servizos Enerxéticos) deberá conservar as facturas de subministro e levar un rexistro mensual desglosado da facturación por subministro. Estará dispoñible para o concello cando este o requira, e entregado o final do contrato. No plan de acción aportada polo adxudicatario establece que será entregada mensualmente o concello para a súa verificación (pax. 768), na mesma paxina establece que fará informes de Xestión Enerxética que serán entregados o responsable do contrato coa seguinte estrutura (pax. 820): <i>Informe de aforro mensual Estado instalación Facturación eléctrica Estado dos suministros Estudio de consumos impropios Estudio luminico Evolución liña base.</i></i>	<i>Non se cumpre. Segundo o adxudicatario esto quedará solventado coa posta en marcha do software de xestión. Non cumpre.</i>





<p><i>No prazo de 1 mes comprobar que non existen desviacións entre os sistemas de encendido e apagado das instalacións, correxíndoos en caso contrario. Emitirán un informe co resultado e será entregado o concello. (apart. 5,2 do PPT)</i></p>	<p><i>A resposta do adxudicatario é que non detectaron diferencias significativas nos sistemas de encendido, polo tanto non hai desviacións.</i></p>
<p><i>Acceso o o software ARCADIA e GEMWEB, para crear ou visualizar avisos, inventario, ou verificar o estado de incidencias asociadas o mantemento pendentes de reparar, control de consumos, facturación, . (pax. 738 do plan).</i></p>	<p><i>Por parte do adxudicatario danos acceso o software Arcadia, o cal podemos acceder pero non aporta ningún tipo de información, informándonos que ata a posta en marcha da telexestión dos centro de mando non obteremos información algunha.</i></p>
<p><i>No prazo de duas semanas dende o inicio do contrato a ESE presentara unha proposta de fichas e listados que xenera a plataforma informática para a súa aprobación.</i></p>	<p><i>A resposta do requerimento o adxudicatario declara que cando teña operativa a plataforma web poderase ter acceso a fichas e listados. Polo tanto, non se cumpre.</i></p>
<p>PRESTACION P2. MANTEMENTO E INSPECCIÓN</p>	<p><i>Importe facturado (IVE incluído): 4.714,4 €</i></p>
<p>Obrigas adxudicatario incluídas no PPT e no Plan de acción</p>	<p>Cumprimento</p>
<p><i>Tendo en conta o plan de acción (pax. 580) a ESE advirte da subcontratación dos traballos de mantemento. Consta na acta da mesa de contratación do 6/02/2025 que no caso de subcontratación a empresa adxudicataria deberá comunicar tal circunstancia o concello para que sexa autorizado polo organo de contratación (pleno)</i></p>	<p><i>Consta documentación aportada pola empresa de data 13/08/2025 e RE: 1300, onde se comunica dita subcontratación. Queda pendente a súa aprobación polo organo de contratación, previsiblemente se fará na sesión plenaria do 30/10 /2025</i></p>
<p><i>A ESE emitirá o concello informes sobre os traballos e inspeccións que foron realizando e sobre as incidencias que se produciron(apartado 6 do PPT), que sera de carácter mensual segundo plan presentado (pax. 843)</i></p>	<p><i>A resposta do requerimento o adxudicatario declara que cando teña operativa a</i></p>





plataforma web poderase ter acceso os traballos de inspeccións e incidencias producidas. Polo tanto, non se cumpre

PRESTACION P3. GARANTIA TOTAL	<i>Importe facturado (IVE incluído): 943,7 €</i>
Obrigas adxudicatario incluídas no PPT e no Plan de acción	Cumprimento
<i>A ESE propoñerá a organización do servizo de garda e o número de equipos necesarios en función das características do concello, dando o visto bo por parte da administración local. (apart. 7.1 do PPT)</i>	<i>O adxudicatario na documentación aportada en datas 11/07/2025 e 13/08/2025, tan só establece quen vai realizar o servizo de garda pero non hai proposta da organización nin equipos necesarios. Polo tanto, non se cumpre.</i>
<i>Crearé un rexistro electrónico onde reflexe a hora de cada chamada, aviso recibido e accións a subsanar. Este rexistro estará a disposición do técnico do concello (apart. 7.1 do PPT)</i>	<i>Non se ten constancia de dito rexistro, mentras non exista a posta en marcha do software específico. Aportase listado de incidencias realizadas no mes de xullo, consta unha data ser saber se esta corresponde o día do aviso ou a resolución da incidencia nin se especifica as accións subsandadas en cada unha delas. Polo tanto, cumpre parcialmente este punto</i>
<i>Existirá un servizo telefónico de garda nas oficinas da ESE o longo das 24 horas do día que reciba os avisos e reclamacións, e a ESE comprométese a integrar dito funcionamento, na actual APP da que dispón o concello. (apart. 7.1 do PPT)</i>	<i>O adxudicatario declara que existe un servizo telefónico operativo as 24 horas (corresponde a empresa subcontratada). Así mesmo estase a desenrollar unha ferramenta de control de avisos e seguimento de ordenes de traballo para xenerar avisos que aínda non está operativa. Polo tanto, cumpre parcialmente.</i>

PRESTACION P4+P5. OBRAS DE MELLORA E RENOVACIÓN DE INSTALACIÓNS + INVERSIÓN EN AFORRO ENERXÉTICO E ENERXIA RENOVABLES	<i>Importe facturado (IVE incluído): 6.436,86 €</i>
Obrigas adxudicatario incluídas	Cumprimento





no PPT e no Plan de acción	
<i>Elaboración de informe de estado das instalación e necesidades no prazo de dous meses dende a formalización do contrato e informes relativos as operacións realizadas, asinarase unha acta de aceptación da prestación, que será cando dean comezo as medidas incluídas na prestación. (Plan de acción pax. 46)</i>	<i>Non consta informes dos traballos executados no mes de xullo nin informe do estado das instalacións e necesidades das mesmas para poder asinar a acta de aceptación das prestacións. Polo tanto, non cumpre.</i>
<i>Elaboración de informes quincenais onde se describan os avances dos traballos de instalación, e informes de propostas trimestrais (memoria pax. 908)</i>	
<i>Para cada proposta de execución da prestación P5 presentárase unha memoria técnica (apartado 9 do PPT)</i>	<i>O adxudicatario declara que as inversións a realizar é preciso rematar a fase de auditorías e definición de medidas de aforro enerxético. A auditorías da casa do concello, centro de día e pavillón Jonathan Carro Paz están a disposición do concello para súa análise. Así mesmo establece que haberá que determinar se o orzamento da prestación 5 é suficiente para as inversións necesarias a levar a cabo. O responsable do contrato non ten acceso a ningunha auditoría descrita nin proposta de traballos a executar. Polo tanto, non cumpre.</i>
<i>Certificación dos traballos a medida que se vaian realizando e informes quincenais do avance dos traballos de instalación (pax. 947 do plan)</i>	

PRESTACION P6. CONTROL E IMPLANTACIÓN DO PROXECTO	<i>Importe facturado (IVE incluído): 351,96 €</i>
Obrigas adxudicatario incluídas no PPT e no Plan de acción	Cumprimento
<i>A consultora externa, en informes mensuais, verificará a execución das inversións, así como accións de mellora, etc. (apartado 10 do PPT)</i>	<i>Con data 29/09/2025 presentar subcontratación de empresa externa para dita prestación. Queda pendente a súa aprobación polo órgano de contratación.</i>

PLANS DE TRABAJO





1. *O primeiro plan de traballo deberá presentarse nun prazo máximo de 15 días dende a formalización do contrato, onde se inclúan as actuacións de mantemento preventivo previstas nos 6 primeiros meses e as actuacións das prestacións P4 e P5. **Cumprimento:** Consta na memoria incluída na oferta presentada o proceso de contratación. Na resposta do adxudicatario menciona unha reunión mantida nas dependencias municipais (na que non estivo presente o responsable do contrato) no que se estableceu as inversións da P4, mantemento dos edificios municipais, instalación da telexestión e inversións da P5.*

Terceiro. Conclusións

Como consecuencia de todo o anteriormente exposto podemos concluír o seguinte:

- *Procedese a **conformidade con observacións** da factura incluída no expediente: FACT-2025-1401, xa que existen varios incumprimentos por parte do adxudicatario que impiden o responsable do contrato verificar o cumprimento do servizo, non obstante co fin de evitar o enriquecemento inxusto da administración e evitar o posible pago de xuros de demora, procedese a conformidade da mesma.*
- *Así mesmo, deberase iniciar polo órgano correspondente, o correspondente expediente de incumprimentos e penalizacións do contrato, xa que estamos ante un incumprimento leve, segundo establece a cláusula 22, punto 3, do prego de cláusulas administrativas*

E para que conste a efectos oportunos, e salvo mellor criterio, firma o presente informe, en Guitiriz, na data que consta na sinatura electrónica ao marxe.»

- Informe xurídico de 12/11/2025.

- Decreto de incoación imposición de penalidades por incumprimento do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e Técnicas do Contrato Mixto dos Servizos Enerxéticos do Alumeado Exterior e dos Edificios Municipais de data 14/11/2025.

Visto que non constan presentadas alegacións no prazo establecido na resolución de incoación da imposición de penalidades, de conformidade co informe da empregada pública do rexistro de data 12/01/2026.

Considerando a seguinte normativa específica de aplicación ao presente expediente:

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.





De conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento das Corporacións Locais.

Ao abeiro da atribución concedida ao pleno segundo o artigo 194.2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Vista a proposta de resolución PR/2026/32 de 15 de xaneiro de 2026.

Resolución:

O pleno da corporación por unanimidade dos asistentes, cos votos favorables do PSOE, do PP e do BNG, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO: Impoñer a Alisea Esco S.A. con CIF A01489954 adxudicatario do contrato, unha penalidade de 463,79 € polo cumprimento defectuoso do mesmo/incumprimento parcial do PCAP e PPT (apartado 22, punto 3, do prego de cláusulas administrativas), penalidade que se fará efectiva mediante dedución das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial deban aboarse ao contratista ou dedución sobre a garantía que se constituíu, cando non podan deducirse dos mencionados pagos.

SEGUNDO: Notificar o presente acordo aos interesados/as e comunicar aos servizos municipais afectados.>>

Expediente 909/2024. Aprobación definitiva Ordenanza Reguladora de Axudas de Emerxencia Social.	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

<< Feitos e fundamentos de dereito:

Aprobación definitiva Ordenanza Reguladora de Axudas de Emerxencia Social. Expte. 909/2024

Dona Maria Sol Morandeira Morandeira, alcaldesa do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vistos os seguintes antecedentes que constan no expediente:

-Acordo Plenario de data 27/11/2025 de aprobación inicial da Ordenanza Reguladora de Axudas de Emerxencia Social do Concello de Guitiriz.

-Anuncio BOP de data 5/12/2025 de aprobación inicial da devandita ordenanza.

-Vista alegación presentada por dona Sofia Sanchez Miragaya, concelleira na Area de Integración, Promoción e Servizos Sociais con data 20/01/2026.





-Informe de rexistro de alegacións de data 23/01/2026.

Considerando o disposto nos artigos 4.1), 22.2 d), 47.1), 49) e 70.2 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e concordantes da Lei de administración local de Galicia, Lei 5/1997 do 22 de xullo.

Vista a proposta de resolución PR/2026/73 de 23 de xaneiro de 2026.

Resolución:

O pleno da corporación por unanimidade dos asistentes, cos votos favorables do PSOE, do PP e do BNG, adoptou o seguinte acordo:

PRIMEIRO. Estimar a alegación presentada pola concelleira da Area de Integración, Promoción e Servizos Sociais no seguinte sentido:

Onde di:

<<(…)

<< **Artigo 10. Tramitación, Instrución e Resolución**

A tramitación e resolución destas axudas seguirá o seguinte procedemento:

*1°. Presentación da solicitude no Rexistro Xeral do **Concello de Cospeito**, no modelo oficial establecido para o efecto polo Departamento de Servizos Sociais xunto coa documentación que se recolle na presente ordenanza. A solicitude poderase iniciar tamén de oficio, mediante informe técnico emitido polo propio departamento, que iniciará o expediente a todos os efectos.>>*

(…)>>

Debe dicir:

<< (…)

<< **Artigo 10. Tramitación, Instrución e Resolución**

A tramitación e resolución destas axudas seguirá o seguinte procedemento:

*1°. Presentación da solicitude no Rexistro Xeral do **Concello de Guitiriz**, no modelo oficial establecido para o efecto polo Departamento de Servizos Sociais xunto coa documentación que se recolle na presente ordenanza. A solicitude poderase iniciar tamén de oficio, mediante informe técnico emitido polo propio departamento, que iniciará o expediente a todos os efectos.>>*

(…)>>





SEGUNDO. Aprobar definitivamente a Ordenanza Reguladora de Axudas de Emerxencia Social do Concello de Guitiriz que se achega como ANEXO a esta proposta.

TERCEIRO. Publicar a ordenanza definitivamente aprobada no Boletín Oficial de Provincia de Lugo.

CUARTO. Notificar aos interesados e comunicar aos servizos municipais afectados.

Documentos anexos:

- Anexo 1. Ordenanza Reguladora AES definitiva>>

Expediente 70/2026. RESOLUCION CONVENIO	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 7, En contra: 5, Abstencións: 0, Ausentes: 1

<<Feitos e fundamentos de dereito:

EXPEDIENTE DE RESOLUCIÓN DO CONVENIO PARA A ASUNCIÓN POLA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA DA CONVOCATORIA E DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS SELECTIVOS UNITARIOS PARA O ACCESO ÁS DIFERENTES CATEGORÍAS DOS CORPOS DE POLICÍA LOCAL E ÁS PRAZAS DE AUXILIARES DE POLICIA LOCAL ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERIA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE GUITIRIZ. Expte: 70/2026.

Dona Maria Sol Morandeira Morandeira, alcaldesa-presidenta do Concello de Guitiriz, en uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vistos os seguintes antecedentes que constan no expediente:

- Certificado de acordo plenario de data 30/01/2020 de adhesión ao Convenio de Colaboración para a asunción pola Comunidade Autónoma de Galicia dos procesos selectivos para o acceso á policía local. Exp. 1056/2019.
- Publicación no BOP de Lugo nº 58 de data 11/03/2020 da delegación de competencias do Concello de Guitiriz na Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia no relativo o convenio indicado.
- Convenio para a asunción pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías dos corpos de policía local e ás prazas de auxiliares de policía local entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia e o Concello de Guitiriz asinado con data 03/03/2020.





- Solicitude de prórroga do Concello de Guitiriz asinada con data 09/02/2024 e comunicada a AGASP na mesma data (RE-175).

Considerando o disposto na seguinte normativa de aplicación:

—Os artigos 9 e 47 a 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico das Administracións Públicas.

—O artigo 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

—O artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

—Os artigos 21, 22, 47.2 e 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

— Os artigos 66 e 67 do Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local aprobado por Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril.

—O artigo 8.1.b) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

—O artigo 32.7 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia, e o Decreto 115/2017, do 17 de novembro.

O Concello de Guitiriz atopase neste intre cun único policía local e con dúas prazas na RPT estando unha delas sen cubrir e aprobada na OEP complementaria do ano 2025 (BOP nº 215 de 18/09/2025 e DOG nº 193 de 07/10/2025). En aras a mellorar o servizo de vixilancia e seguridade exercido pola policía local deste Concello precisase cubrir dita praza vacante, e dado que xa temos avanzado na realización do proceso selectivo consideramos máis axeitado xestionar o procedemento dende o propio Concello co propósito de que sea máis áxil e rápida a cobertura da praza. Dende a Administración Xeral da Comunidade Autónoma e dado que tramitan os procesos selectivos de moitos Concellos, os prazos alarganse no tempo dada a súa dificultade polo número de prazas convocadas e persoas que se presentan as mesmas.

Considerando a atribución concedida á alcaldía e ao Pleno polo artigos 21.1, 22.1 p) e 47.2 h) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Vista a proposta de resolución PR/2026/59 de 21 de xaneiro de 2026.

Resolución:

O pleno da corporación cos votos favorables do PSOE e cos votos en contra do PP e do BNG , adoptou o seguinte acordo:





PRIMEIRO.- Aprobar a **resolución** do convenio asinado para a asunción pola Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos unitarios para o acceso ás diferentes categorías dos corpos da Policía Local e ás prazas de auxiliares de policía local entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia e o Concello de Guitiriz, de acordo coa **cláusula novena** do Convenio e de conformidade co establecido no artigo 51.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro .

SEGUNDO.- Facultar á Sra. Alcaldesa do Concello de Guitiriz para a tramitación necesaria da resolución do convenio de colaboración e demais actos precisos para a execución do presente acordo.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo a Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e comunicalo aos departamentos municipais afectados para o seu coñecemento e efectos oportunos.>>

Expediente 64/2026. Moción BNG sobre as reivindicación do sector agrogandeiro galego.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 8, En contra: 0, Abstencións: 4, Ausentes: 1

<<Resolución:

MOCIÓN DE APOIO ÁS REIVINDICACIÓN DO SECTOR AGROGANDEIRO GALEGO

Mónica Roca Ares e Alfonso Losada Rodríguez na súa calidade de voceiros do Grupo municipal do BNG no concello de Guitiriz, ao abeiro da lexislación vixente, presentan para o seu debate e, se procede, posterior aprobación, a seguinte **MOCIÓN**

Exposición de motivos:

Desde o día 29 de decembro de 2025, o sector agrogandeiro galego está a mobilizarse na demanda de reivindicacións xustas e, sobre todo, a favor da pervivencia do noso medio rural. As súas xustas reivindicacións baséanse no seguinte:

- Rexeitamento do acordo UE-MERCOSUR.
- Oposición á proposta de Marco Financeiro Plurianual da UE e á reforma da PAC 2028-2034.
- Reforma da Lei da Cadea Alimentar e garantía de prezos xustos.
- Simplificación e desburocratización dos servizos públicos e das tramitacións das axudas da PAC.





- Garantías sanitarias fronte a enfermidades gandeiras: EHE e, sobre todo, a DNC (Dermatose Nodular Contaxiosa).

O pasado 6 de decembro de 2024 asinábase o acordo entre o MERCOSUR e a Unión Europea. Tal e como xa tiña denunciado o BNG, este acordo está a causar unha fonda preocupación no sector agrogandeiro galego polas graves repercusións que vai ter a entrada de produtos agrarios procedentes de América do Sur, especialmente no sector avícola e no da carne de vacún.

O acordo permitirá a entrada dun enorme volume de produtos procedentes do outro lado do Atlántico para abastecer o noso mercado e, deste xeito, favorecerá o monocultivo e a especialización agraria de grandes extensións para o seu posterior traslado a miles de quilómetros. Trátase de prácticas completamente contrarias á descarbonización, á recuperación da biodiversidade natural, á soberanía alimentar e ao consumo de produtos de proximidade. Cómpre tamén destacar que os cultivos e a cría de gando se realizan en condicións moi diferentes, xa que se permiten prácticas —uso de praguicidas, antibióticos, pensos, etc.— que non cumpren os mesmos estándares que na Unión Europea e cuxos controis en orixe non son equivalentes. A isto hai que engadir que, en moitos casos, as condicións laborais da man de obra empregada non garanten salarios nin condicións dignas.

Segundo as cifras publicadas, este acordo suporá a entrada anual de 99.000 toneladas de carne de vacún, 180.000 toneladas de aves e 45.000 toneladas de mel procedentes do MERCOSUR, sen aranceis. En Galiza prodúcese anualmente 95.600 toneladas de carne de vacún, das cales 23.000 están amparadas pola indicación xeográfica protexida Ternera Gallega, así como 215.000 toneladas de aves e 2.700 toneladas de mel. Se comparamos estes datos coa produción galega, observamos que este acordo supón a entrada na UE dun volume de carne de vacún similar á produción anual de Galiza, e o que é mais grave, sen cumprir ningún dos requisitos esixíbeis á gandería galega. No caso do mel, supón case o dobre da produción total de todo o Estado español, que se sitúa nas 27.400 toneladas anuais.

No ano 2023 entrou en funcionamento a PAC para o novo período, coñecida como PEPAC 2023-2027. Neste ano 2025 xa se comeza a falar do novo período, en principio 2028-2034. A proposta inicial que se está a debater prevé un recorte de máis dun 22 % nos fondos destinados á Política Agraria Común para destinalos á industria da guerra. Parece que a presidenta da Comisión Europea, Ursula von der Leyen, prefire as armas aos alimentos, os tanques ás labregas e aos labregos. Se xa a PAC nos últimos anos foi negativa para Galiza, é doado imaxinar o que significará un recorte brutal deste calibre.

Esta redución do orzamento comunitario para o sector agrario suporía unha baixa de máis de 84.000 millóns de euros, o que sen dúbida traería consigo graves consecuencias para o agro, afectando de xeito moi significativo a Galiza. Para o BNG esta proposta é totalmente inaceptábel, polo que demandamos a súa retirada e que se teña en conta como punto de partida a resolución aprobada no Parlamento Europeo a favor dun incremento dos fondos destinados á PAC. Desde o BNG demandamos que este incremento leve consigo unha distribución que teña en conta fundamentalmente as pequenas explotacións familiares, a





permanencia no territorio, a loita contra o despoboamento, a remuda xeracional e, por suposto, unha mellora e ampliación dos servizos públicos e un desenvolvemento rural produtivo e respectuoso co medio ambiente.

A recente chegada ao Estado español da Dermatose Nodular Contaxiosa (DNC) sitúa o noso país nunha situación de alto risco para a gandería, tanto de leite como de carne, que vén de enfrontarse nos últimos anos a enfermidades emerxentes que provocaron importantes perdas nas explotacións, como a lingua azul ou a EHE. Coa detección dun gromo en Cataluña, e á vista da evolución da enfermidade nos últimos meses, comprobouse que toda a prevención é pouca para unha patoloxía vírica cunha grande capacidade de contaxio, tanto entre animais enfermos e sans como a través de vectores como moscas, tabáns ou carrachas. Trátase dunha enfermidade cunha mortalidade que normalmente non supera o 10 %, mais cunha morbilidade que pode acadar o 45 %.

Tendo en conta que se trata dunha enfermidade de categoría A segundo a UE, cuxas medidas se encamiñan cara á súa erradicación, débese priorizar a prevención e a detección precoz, elementos críticos para reducir o impacto no caso dunha eventual entrada da DNC en Galiza. Non é de menor importancia lembrar as medidas de control nas explotacións afectadas, que inclúen a inmovilización e o baleiro sanitario, a eliminación dos animais sacrificados e dos produtos susceptibles de transmitir o virus, coas importantes perdas económicas que isto suporía para a gandería galega. Cómpre lembrar que o sector gandeiro move anualmente millóns de euros no noso país, cunha facturación arredor dos 3.000 millóns de euros tanto no gando de leite como no de carne.

É, polo tanto, vital que tanto o Goberno galego como o Goberno do Estado actúen con determinación, dado que existe unha ameaza real de chegada da enfermidade, adoptando con urxencia medidas para evitar o contaxio da Dermatose Nodular Contaxiosa e para paliar os seus posíbeis efectos no caso de que se produza.

Por outra banda, a Lei da Cadea Alimentar, lonxe de servir para regular os prezos a través dun sistema de contratación e dun proceso de negociación colectiva, está a demostrarse insuficiente, xa que permite que a agroindustria impoña os seus prezos e condicións. Galiza debe contar cun modelo propio de fixación de prezos e garantías de cobro. Este modelo xa existiu no período 2006-2009 a través dos contratos homologados. Esta fórmula —ou outra equivalente— debe ser incorporada á citada lei, establecendo un Marco Galego de Negociación de Prezos, xa que o modelo produtivo do noso país nada ten que ver co doutras zonas do Estado.

As distintas normativas publicadas desde 2022 veñen engadir novas obrigas burocráticas ás que deben facer fronte as persoas titulares das explotacións agropecuarias, que, xunto coa lexislación que desenvolve a aplicación da PAC no Estado español para o período 2023-2027, fan a vida máis difícil a quen ten a actividade agropecuaria como principal medio de vida. Máis obrigas e máis custos. A simplificación administrativa debe ser un obxectivo prioritario para facilitar a xestión das explotacións agrogandeiras, sen renunciar á seguridade alimentaria.





As persoas que se están a mobilizar na defensa do sector agrario non precisan “mans polo lombo”, nin “falsas promesas”, nin “solidariedade institucional”. Precisan accións políticas decididas. É hora dun cambio nas políticas agrarias e da posta en marcha de medidas para reverter a actual tendencia de desmantelamento dos sectores produtivos galegos, especialmente na provincia de Ourense.

O pleno da corporación cos votos favorables do PSOE e do BNG e coa abstención do PP, adoptou o seguinte acordo:

1. Instar á Xunta de Galiza e ao Goberno do Estado español a:

a) Oporse ao acordo MERCOSUR-UE polas graves repercusións que terá no sector agrogandeiro galego e transmitir esta posición ao Congreso dos Deputados, ao Parlamento Europeo e á Comisión Europea.

b) Rexeitar de forma clara e rotunda a proposta da presidenta da Comisión Europea de recortar máis dun 22% os fondos destinados á Política Agraria Común para o período 2028-2034.

c) Esixir para o novo período da PAC 2028-2034 unha mellora do financiamento destinado a Galiza.

d) Establecer por parte da Xunta de Galiza, de xeito inminente, a vacinación gratuíta contra a Dermatose Nodular Contaxiosa, a realizar por persoal propio da Consellaría antes da chegada da enfermidade ao noso país, como medida preventiva fundamental.

e) Estabelecer medidas adicionais por parte da Consellaría do Medio Rural para previr a entrada en Galiza da DNC.

f) Exixir da Xunta de Galiza que as indemnizacións por animal nos casos de baleiro sanitario (DNC) estean actualizadas segundo o prezo real de mercado do gando.

g) Modificar e simplificar as normativas de aplicación da PAC en Galiza, tendo en conta a nosa especificidade, evitando criterios diverxentes entre consellarías. No Comité de Seguimento do PEPAC establecerase unha mesa de traballo específica para combater a burocratización da tramitación das axudas, permitindo a simplificación dos procedementos administrativos e a unificación de criterios.

h) Promover unha reforma da Lei da Cadea Alimentar con indexación e referencias a marxes comerciais non abusivas, mellorando o coñecemento dos custos de produción mediante estudos específicos e a implantación dunha rede de explotacións que permita obter datos reais das distintas orientacións produtivas.>>

Expediente 73/2026. Moción PSOE sobre modificacións introducidas na Lei do Patrimonio Cultural de Galicia	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria





A favor: 8, En contra: 4, Abstencións: 0, Ausentes: 1

<< Resolución:

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE MODIFICACIÓNS INTRODUCIDAS NA LEI DO PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA.

O Grupo Municipal dos Socialistas de Guitiriz de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei de Medidas Fiscais e Administrativas, coñecida como Lei de Acompañamento dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, ten como finalidade propia a introdución de axustes técnicos e puntuais necesarios para a correcta execución orzamentaria. Porén, de maneira reiterada nos últimos anos, este instrumento normativo está a ser empregado para introducir reformas de fondo en leis sectoriais de especial relevancia, sen o debate público, a participación social nin o rigor parlamentario que este tipo de modificacións substantivas requiren.

Esta forma de proceder resulta especialmente preocupante cando afecta a unha norma estruturante como a Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, que debería constituír o marco xurídico básico para a protección, conservación e posta en valor do patrimonio cultural galego, entendido como un ben colectivo, non renovable e de interese xeral.

As modificacións introducidas a través da Lei de Acompañamento evidencian unha orientación claramente desreguladora, amparada nunha suposta simplificación administrativa, que se traduce na redución dos controis previos, na flexibilización dos contornos de protección e no debilitamento da tutela efectiva da Administración autonómica sobre o patrimonio cultural. Este cambio de enfoque supón un tránsito desde un modelo preventivo e garantista cara a outro de control administrativo mínimo, con riscos evidentes para a conservación do patrimonio histórico, cultural e paisaxístico de Galicia.

Un dos aspectos máis problemáticos desta reforma é a transferencia de funcións decisorias aos concellos en relación coa valoración e protección dos bens culturais catalogados (coa excepción dos declarados Ben de Interese Cultural) sen que esta delegación vaia acompañada da correspondente dotación de recursos económicos nin de persoal técnico especializado. A maioría dos concellos non dispoñen de arquitectos, arqueólogos nin técnicos en patrimonio suficientes para asumir estas responsabilidades con garantías, o que pode derivar nunha aplicación desigual da normativa, inseguridade xurídica e unha protección insuficiente do patrimonio. Os que dispoñemos de persoal técnico asumen unha maior carga de traballo ralentizando así o resto de trámites e procedementos do concello.





A esta circunstancia súmase a introdución do silencio administrativo positivo en procedementos que afectan directamente a bens patrimoniais, permitindo a execución de actuacións sen informe técnico expreso, precisamente nun contexto de insuficiencia estrutural de medios municipais. Na práctica, esta medida deixa os bens culturais catalogados nunha situación de vulnerabilidade incompatible cunha política pública responsable.

Cómpre lembrar, ademais, que o artigo 46 da Constitución Española establece que os poderes públicos teñen a obriga de garantir a conservación e promover o enriquecemento do patrimonio histórico, cultural e artístico, con independencia da súa titularidade, configurando esta protección como un mandato constitucional que vincula a todas as administracións públicas.

Desde esta perspectiva, as modificacións introducidas non responden a unha estratexia integral de política cultural nin a unha visión a longo prazo do patrimonio como elemento de cohesión social, e a maiores supón unha delegación de funcións nos concellos que seguen asumindo cada vez mais competencias sen a debida aportación de recursos económicos.

O pleno da corporación cos votos favorables do PSOE e do BNG e os votos en contra do PP, adoptou o seguinte acordo:

O Pleno do Concello de Guitiriz insta á Xunta de Galicia a:

1. Instar á Xunta de Galicia a revisar as modificacións introducidas na Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, a través da Lei de Acompañamento dos Orzamentos, co fin de garantir un nivel axeitado de protección do patrimonio cultural e paisaxístico, especialmente no relativo aos bens culturais catalogados e aos contornos dos Camiños de Santiago.
2. Demandar que as reformas da lexislación cultural se tramiten a través de procedementos lexislativos ordinarios, con participación dos concellos, dos profesionais do patrimonio e da cidadanía, evitando o uso da Lei de Acompañamento para modificacións de carácter substantivo.
3. Solicitar que calquera delegación de funcións aos concellos en materia de patrimonio cultural vaia acompañada da correspondente dotación de recursos económicos, persoal técnico cualificado e mecanismos efectivos de coordinación interadministrativa que permitan o exercicio destas competencias con garantías.>>

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROGOS E PREGUNTAS

Expóñense os rogos e preguntas que recollen na video-acta.





Co obxecto do xeral coñecemento e efectos que procedan, fago constar que a literalidade das intervencións producidas durante a celebración da sesión quedaron gravadas en soporte audiovisual mediante sistema de video-acta, cuxo arquivo contén a seguinte pegada electrónica que garante a integridade da gravación, do que dou fe:
SHA512 - 2aecb91cf595ce6c6b599cd8587fdf8ed946f812078a7fdae4f8a6de016d9ebff89b88f0f66d75b65f1ded28e99469e8c168d46506ca5e9566925644e52929a5

O arquivo audiovisual pode visionarse mediante o seguinte enlace:
<https://guitiriz.seneca.tv:443/watch?id=NjIhYjU3YWUtNTI5MC00ZTVILWlyNDAtODJlOTk5N2JINzE2>

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE





ÍNDICE DE ANEXOS ACTA PLN/2026/2

A) PARTE RESOLUTIVA

1. Expediente 909/2024. Aprobación definitiva Ordenanza Reguladora de Axudas de Emerxencia Social.

- Anexo 1. Ordenanza Reguladora AES definitiva

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

C) ROGOS E PREGUNTAS





ORDENANZA REGULADORA DE AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL DO CONCELLO DE GUITIRIZ.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os poderes públicos deberán asegurar a protección social, económica e xurídica da familia, así como a protección das persoas en situación de necesidade, desamparo, circunstancias graves ou de urxente necesidade por carencias económicas e socio-familiares.

Os servizos sociais municipais teñen como unha das súas funcións e tarefas máis consolidadas a de proporcionar atención e axuda a persoas que atravesan unha situación vital de dificultade, derivada a maior parte das veces pola imposibilidade de facer fronte a determinados gastos que, ou son necesarios para o mantemento dunha forma de vida compatible coa dignidade á que toda persoa ten dereito, ou que incluso son precisos, en determinadas ocasións, para a supervivencia.

A súa competencia vén determinada de conformidade co previsto na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local nos seus artigos 25.1: “O municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos favorezan á satisfacción da comunidade veciñal”, e no artigo 25.2.e: “O municipio exercerá en todo caso competencias propias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas en materia de avaliación e información de situación de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación de risco de exclusión social”

A Constitución española atribúe a competencia nesta materia a través do artigo 148.1.20 ás Comunidades autónomas e estas, no marco dos seus estatutos, promulgaron as leis de servizos sociais en Galicia, a Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

A lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia establece que as competencias dos municipios na prestación de servizos sociais e de promoción e inserción social.

A lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia, establece como principio de responsabilidade pública, entre outros, dispensar especial atención ás familias con dificultades derivadas da súa estrutura ou das súas circunstancias e mais a aquelas que se atopan en situación de especial vulnerabilidade ou en risco de exclusión social.

A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, atribúe aos concellos, sinálase significativamente o disposto no artigo 60 (competencias para a creación, xestión e mantemento de servizos sociais comunitarios básicos), artigo 18 c. (prestacións económicas destinadas a satisfacer necesidades pecuniarias valoradas dos individuos ou das familias e a estimular a súa incorporación social e laboral), artigo 18.3. (recoñecemento efectivo do dereito a unha intervención, un programa, un servizo ou unha prestación de carácter esencial), artigo 11º: “Funcións dos servizos sociais comunitarios: (...) c) A identificación de grupos de poboación vulnerables e detección precoz de situación de risco para o desenvolvemento de actuacións de carácter preventivo e de promoción social. (...) e) A participación na xestión das prestacións económicas e o seguimento dos correspondentes proxectos personalizados de intervención nos termos establecidos na normativa específica en materia de inclusión social”.

No Título VII “De atribución de competencias”, no artigo 58º “Criterios Xerais: (...) 1. As competencias en materia de servizos sociais corresponderanlle á Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e ás Corporacións Locais de Galicia, así como, se é o caso, ás demais entidades públicas previstas no Estatuto de Autonomía de Galicia ou establecidas nesta Lei”. E no artigo 60º “Competencias dos Concellos: 8...) a) A creación, a xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos (...)”





A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local. O seu artigo 8 modifica, entre outros, ao artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, quedando redactado do seguinte xeito o artigo 25.2.e): "O municipio exercera, en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias: e) avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social"

O Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, onde se establece de forma máis ampla o contido de cada un dos programas e servizos sociais comunitarios básicos.

O Concello de Guitiriz precisa contar cunha ordenanza áxil e efectiva, de forma que poida conciliarse a atención ás persoas en situación de vulnerabilidade social coa normativa e cos procedementos propios dunha administración.

As axudas concederanse seguindo os criterios establecidos no presente regulamento, e mediante unha valoración profesional que teña en conta a tipoloxía do problema ou a necesidade social que se vaia a cubrir, a pertinencia da axuda económica para dar resposta á demanda ou necesidade, o seu grao de urxencia, a non existencia doutros medios ou recursos para solucionarla, a prevención da situacións de risco e/ou desprotección para persoas maiores e a necesidade de evitar deterioración de situacións persoais que poidan rematar en procesos de exclusión social.

CAPÍTULO I

Artigo 1. Obxecto

Esta ordenanza ten por obxecto a regulación das axudas de emerxencia social de carácter económico, os requisitos necesarios para acceder ás mesmas e o procedemento da súa concesión.

As axudas de emerxencia social (AES) son prestacións económicas de carácter non periódico destinadas a paliar ou resolver, por sí mesmas ou complementariamente con outros recursos, situacións de emerxencia social, previr situacións de exclusión social e favorecer a plena integración de sectores de poboación que carezan de recursos económicos para a atención das súas necesidades básicas.

Artigo 2. Natureza

Estas axudas caracterízanse por:

- O seu carácter finalista, debendo destinarse para satisfacer a necesidade especificamente sinalada no acordo de recoñecemento da axuda, feito que debe quedar acreditado.
- O seu carácter subsidiario, respecto doutras prestacións económicas recoñecidas ou recoñecibles segundo a lexislación vixente.
- O seu carácter personalísimo e intransferible
- O seu carácter transitorio e non periódico.

Artigo 3. Persoas beneficiarias

Persoas ou unidades familiares que se atopen nunha situación de precariedade económica, carezan de medios e nas que concorran factores de risco e problemas económicos tales que dificulten ou imposibiliten a cobertura dalgunha das súas necesidades básicas que cómpre cubrir de xeito inmediato ou urxente ou, en todo caso, no menor tempo posible, supoñendo unha ferramenta na intervención social que favoreza a integración das persoas afectadas.





Considérase unidade de convivencia familiar ao conxunto de persoas que convivan nun mesmo marco físico e manteñan lazos vinculantes de relación familiar.

No caso de que convivan mais dunha unidade de convivencia no mesmo fogar, será o persoal técnico de servizos sociais de referencia quen estableza no seu informe que persoas, das empadroadas ou residentes no domicilio, teñen a consideración de unidade de convivencia independente.

Cando a axuda sexa para atender necesidades compartidas dentro do fogar da que se vaian a beneficiar todas as persoas do mesmo, computarán os ingresos de todos os membros. Aínda que só un dos membros figure como persoa beneficiaria.

Cando as persoas solicitantes teñan familiares obrigados a prestar alimentos, en virtude do previsto no Título VI do Libro I do Código Civil teranse en conta para a valoración da solicitude. Non obstante, considérase que non teñen a obriga de prestar alimentos os parentes que, en atención ás circunstancias socioeconómicas concorrentes, non poidan facer fronte ou atender ás necesidades da unidade familiar solicitante sen desatender as súas propias ou a dos familiares ó seu cargo, ou ben cando non exista relación cos mesmos ou de existir que esta sexa conflitiva.

Artigo 4. Requisitos xerais

Para a concesión das axudas deberán cumprirse os seguintes requisitos:

1. Estar empadroado/a e acreditar unha residencia efectiva no Concello de Guitiriz de xeito ininterrompido cunha antigüidade de 3 meses no momento da solicitude.

Deste período estarán exentos/as:

a) As persoas que acrediten unha situación de emigrante retornado/a de acordo ao artigo 3 do Estatuto de Autonomía de Galicia.

b) Persoas acollidas en aloxamentos institucionais.

c) Persoas que teñan recoñecida a condición de persoa refuxiada polo organismo competente da Administración Xeral do Estado, ou aquelas persoas cuxa solicitude de asilo se tivese admitido a trámite ou, sen admitirse, teñan autorizada a permanencia en España por razóns humanitarias ou de interese social, no marco da lexislación reguladora dos dereitos e liberdades das persoas estranxeiras en España e da súa integración social.

d) Vítimas de violencia de xénero ou doméstica que cambien o seu domicilio por motivos de seguridade.

Excepcionalmente, cando así sexa valorado polo persoal técnico do Departamento de Servizos Sociais por razóns de necesidade, precariedade ou urxencia, poderán ser beneficiarias aquelas persoas que non reúnan o requisito anteriormente mencionado de antigüidade aínda que si o de empadramento.

2. Acreditar unha situación de necesidade extraordinaria e colaborar á hora de proporcionar información e presentar a solicitude acompañada da documentación necesaria para efectuar a valoración técnica.

3. Que a antedita necesidade extraordinaria estea valorada por un/ha traballador/a social municipal a través do seu correspondente informe social.

4. Que non se cumpran os requisitos ou calquera das condicións para solicitalo a través do programa autonómico de emerxencia social, ou si o cumpre non cubran a totalidade da necesidade ou a tardanza da resolución non resolva a necesidade exposta.

5. Non ter solicitadas outras axudas para a mesma finalidade.

6. Ser maior de idade ou menor emancipado/a legalmente.

7. Realizar a aceptación expresa, por parte da persoa beneficiaria e dos membros da unidade





familiar, das actuacións que figuran no seu proxecto de intervención, se fose de aplicación. No caso da existencia de proxecto de intervención anterior ou aplicable noutro recurso, que a súa avaliación sexa favorable.

8. Non ter percibido por parte da unidade familiar esta subvención no mesmo ano natural, agás cando se trate de conceptos vinculados a vivenda ou a necesidades básicas.

9. Que a unidade familiar non supere o límite de ingresos computables establecidos no artigo 5. Excepcionalmente, e coa valoración favorable dos técnicos de servizos sociais, en casos de especial vulnerabilidade, poderase conceder a axuda aínda superando o límite económico establecido.

10. Que todos os membros da unidade de convivencia que se atopen en idade legal de traballar, deben estar inscritos como demandantes de emprego, excepto aqueles que acrediten estar matriculados nun centro educativo regulamentado.

11. No caso de ser valorado polo/a traballador/a social, a persoa beneficiaria e os integrantes da unidade familiar, asinarán un proxecto de intervención familiar co fin de evitar a exclusión social favorecendo a inserción socio-laboral. O seu incumprimento será tido en conta no caso de solicitudes de axuda posteriores.

12. Aqueles supostos distintos dos anteriores que, de modo xustificado, sexan informados favorablemente pola técnico de servizos sociais comunitarios.

Todos estes supostos se valorarán e acreditarán no correspondente informe dos Servizos Sociais municipais.

Artigo 5. Ingresos computables e límites establecidos para acceder á prestación

Considéranse ingresos da unidade familiar os rendementos de traballo líquidos ou calquera prestación/pensión periódica líquida, incluídas as pagas extraordinarias, dos últimos doce meses, así como rendementos de bens inmoebles e de capital mobiliario, de calquera natureza.

No caso de contas bancarias serán computables os ingresos a partir de 1.000€, os cales se dividirán entre 12 para calcular a parte proporcional mensual.

Tamén se terán en conta outros ingresos que puideran existir non incluídos nos apartados anteriores.

Dos ingresos anteriores deduciranse os gastos derivados do alugueiro ou crédito hipotecario de amortización da vivenda ata un máximo de 300 € ao mes.

Non se computarán como ingresos, os de carácter finalista para formación regrada e a prestación familiar por fillo/a a cargo do INSS para menores de idade, así como prestación vinculada a coidados do entorno familiar percibidas a través recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema.

Para poder beneficiarse da prestación regulada nesta ordenanza, non se poderán superar mensualmente os seguintes límites de ingresos en base ao anteriormente exposto:

Fogar unipersonal: non deberá superar 1,5 VECES O IPREM MENSUAL

Unidade familiar 2 persoas: non deberá superar 1,5 VECES O I.M. + 15% I.M.





Unidade familiar 3 persoas: non deberá superar 1,5 VECES O I.M. + 25% I.M.

Unidade familiar 4 persoas: non deberá superar 1,5 VECES O I.M. + 35%

I.M. Unidade familiar 5 persoas: non deberá superar 1,5 VECES O I.M. + 45%

I.M. Unidade familiar 6 persoas: non deberá superar 1,5 VECES O I.M. + 65%

I.M. Unidade familiar mais de 6 persoas: non dererá superar 3 VECES O I.M.

(I.M.= IPREM MENSUAL)

Excepcionalmente, e coa valoración favorable dos técnicos/as dos servicios sociais, en caso de especial vulnerabilidade social poderase conceder a axuda aínda superando o límite económico establecido.

Artigo 6. Criterios na prioridade de concesión

Logo da comprobación da súa manifesta necesidade, e en igualdade de condicións, fronte a situacións de escaseza de crédito orzamentario, utilizaranse os seguintes criterios na priorización de concesión:

1. Familias con menores, persoas con discapacidade e/ou dependencia recoñecida ao seu cargo
2. Víctimas de violencia de xénero.
3. As situacións socio familiares nas que a concesión da prestación solicitada resolva definitivamente a necesidade presentada, sempre que non exista outra axuda pública que poda acadar o mesmo resultado.

CAPÍTULO II: TIPOS DE NECESIDADES E CONTÍAS DAS AXUDAS.

Artigo 7 . Tipos de necesidades

- 1.- Necesidades básicas de **alimentación, hixiene e vestuario básico** imprescindibles para satisfacer necesidades primarias das persoas que permitan o desenvolvemento normalizado da vida diaria.
- 2.- Axudas para gastos de **atención farmacéutica, sanitaria e sociosanitaria** non cubertas polos sistemas públicos de saúde e de servizos sociais, con prescrición médica.
- 3.- Axudas para cubrir gastos vinculados ao **uso de vivenda habitual**: alugueiros ou hipotecas (máximo 2 mensualidades) e sempre e cando exista garantía de continuidade na vivenda e/ou para evitar desafuzamentos; gastos derivados de subministros de auga, luz ou gas; aloxamentos alternativos; adquisición de mobiliario básico; equipamento; reparación básicas e urxentes.
- 4.- Calquera **outra axuda** destinada a gastos que non estando recollida nos apartados anteriores, **o/a traballador/a social/o ou persoal técnico considere**, motivándoo no seu informe, que resulta imprescindible para a atención inmediata dunha situación carencial urxente de cara a cubrir e garantir uns mínimos de subsistencia persoal, ou ben necesaria para o éxito do proxecto.

A cantidade percibida nun ano natural pola unidade familiar beneficiaria das prestacións comprendidas neste regulamento non poderá superar na súa totalidade as seguintes contías:

Para as necesidades contempladas no punto 1, máximo 2 veces o IPREM MENSUAL.

Para as necesidades contempladas no punto 2, máximo 2 veces o IPREN MENSUAL.

Para as necesidades contempladas no punto 3, máximo 3 veces o IPREM MENSUAL.

Para as necesidades contempladas no punto 4, máximo 2,5 veces o IPREM MENSUAL

*IPREM mensual vixente en cada anualidade.





Non son susceptibles desta axuda:

- Os gastos derivados de obrigacións tributarias e débedas coa Seguridade Social.
- Os gastos derivados de multas e outras sancións pecuniarias debidas ao incumprimento de Ordenanzas Municipais.
- Os gastos derivados do cumprimento dunha sentenza xudicial condenatoria.

CAPÍTULO III. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN.

Artigo 8. Solicitude

1. O procedemento iniciárase, en todo caso, por solicitude da persoa interesada segundo modelo oficial que será facilitado ao efecto.

De xeito excepcional, cando existan circunstancias debidamente acreditadas no expediente, que así o xustifiquen, o procedemento poderá iniciarse de oficio.

2. A solicitude, dirixida á Alcaldía-Presidencia da Corporación, formularase en modelo normalizado, facilitado polo Departamento de Servizos Sociais municipais, e deberá presentarse no Rexistro Xeral do Concello, ou conforme ao disposto no art.16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

3. Poderán realizar esta solicitude as persoas físicas que reúnan os requisitos contemplados nesta Ordenanza, en calquera momento do ano.

4. A solicitude, debidamente cumprimentada, deberá ser asinada pola persoa solicitante ou, no seu caso, por quen ostente a súa representación legal ou garda de feito.

5. Xunto coa solicitude achegarase a documentación acreditativa á que se fai referencia nesta ordenanza e que acredite os requisitos de cada unha das axudas contempladas nel e aporte datos suficientes para a valoración da situación socioeconómica da unidade de convivencia.

Artigo 9. Documentación

Documentación acreditativa dos requisitos a aportar pola persoa solicitante xunto á **solicitude**:

-Copia do **DNI, permiso de residencia, pasaporte** ou documento acreditativo da súa identidade, da persoa solicitante e, no seu caso, das persoas que integran a unidade familiar.

-**Libro de Familia** ou documento análogo equivalente e demostrativa da filiación.

-**Declaración xurada da situación de familiares obrigados a prestar alimentos** (pais e fillos).

-**Xustificantes da situación económica e de emprego** de todas as persoas integrantes da unidade familiar en idade laboral:

•**Se están en situación de desemprego**: fotocopia da **tarxeta de demandante** de emprego e **certificado do Instituto Nacional de Emprego** no que se recolla se percibe ou non prestación ou subsidio por desemprego, contía mensual líquida e período de concesión.

•**Se están desempeñando actividade laboral**: De estar en activo nalgún dos últimos 12 meses, deberá presentar:

-**Nóminas** xustificativas dos ingresos percibidos pola súa actividade laboral nese período (fotocopia das 6 últimas nóminas)

No suposto de que pola súa situación administrativa algunha persoa non poida presentar ningún destes documentos, deberá achegar unha declaración xurada na que indique se realiza ou non algunha actividade e cales son os seus ingresos.

-**Declaración responsable** de calquera **outro tipo de ingresos** que existan na unidade familiar.

-Copia da **declaración do IRPF** do último exercicio ou certificación negativa da Axencia





Tributaria de non estaren obrigados a presentala das persoas que integran a unidade familiar.

-Certificado expedido polo órgano competente da Seguridade Social que corresponda, sobre percepción ou non, de pensións/prestacións e a súa contía, así como as derivadas do estranxeiro.

-Informe emitido polo/a facultativo/a do Servizo Galego de Saúde nos casos nos que se solicite unha axuda de inclusión social que teña que ver coa saúde da persoa solicitante ou coa persoa menor de idade ao seu cargo.

-Extracto das entidades bancarias ou depósitos sobre os movementos bancarios existentes, con nº de conta, nos 12 meses anteriores á petición da axuda que inclúa saldo actual, relativo a todos os membros da unidade familiar maiores de 16 anos, de contas en España e no estranxeiro.

-Declaración responsable de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para a unidade familiar polo mesmo concepto polas distintas administracións públicas competentes ou institucións privadas.

-Orzamento dos gastos para os que se solicita a axuda cando proceda.

-Sentenza de separación, divorcio ou de medidas paterno filiais, convenio regulador e xustificación documental de incumprimento de pagamento da pensión alimenticia.

-Xustificante bancario do crédito hipotecario ou contrato de alugueiro da vivenda, así como xustificantes das débedas

-Documentación acreditativa de ser **vítima de violencia de xénero**.

-Certificado de valoración de grao de **discapacidade e ou dependencia**.

-Xustificantes de vivenda: copia do contrato de alugueiro e dos 3 últimos recibos ou xustificante de préstamo hipotecario de propiedade, último recibo do IBI, así como último xustificante de pago do alugueiro ou da hipoteca.

-Certificación bancaria na que deba efectuarse o ingreso de ser o caso.

-Outros: Calquera outra documentación que se estime necesaria para a valoración da situación de necesidade por parte do persoal técnico.

Por parte do Concello, se incorporarán de oficio os datos relativos a padrón de habitantes.

Artigo 10. Tramitación, Instrución e Resolución

A tramitación e resolución destas axudas seguirá o seguinte procedemento:

1º. Presentación da solicitude no Rexistro Xeral do Concello de Guitiriz, no modelo oficial establecido para o efecto polo Departamento de Servizos Sociais xunto coa documentación que se recolle na presente ordenanza. A solicitude poderase iniciar tamén de oficio, mediante informe técnico emitido polo propio departamento, que iniciará o expediente a todos os efectos.

2º. Revisión da solicitude e da documentación presentada por parte do persoal técnico do Departamento de Servizos Sociais.

A instrución do expediente corresponderá ó/a traballador/a social/persoal técnico responsable, que poderá recabar a documentación complementaria das persoas solicitantes así como a comprobación de datos ou aclaracións de dúbidas da documentación que obra no expediente, sempre que o considere oportuno para a correcta instrución do procedemento.

Se esta non reunise todos os datos ou documentos aludidos con anterioridade, requirirase á persoa interesada para que, de conformidade co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, nun prazo de 10 días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que se así non o fixese, teráselle por desistido da súa petición, co conseguinte arquivo, logo de resolución ditada para o efecto, nos termos que se establecen no artigo 21 da precitada lei.

3º. Estudo e valoración da situación de necesidade por parte do persoal técnico de servizos sociais e elaboración dun informe social no que se recollan as circunstancias sociofamiliares e económicas da unidade familiar, os datos da vivenda, a situación de necesidade e calquera





outro dato que se considere relevante. Así mesmo, deberá recoller unha valoración profesional e unha proposta de resolución.

4º. Logo de que a Intervención Municipal realice a fiscalización previa remitiralle o expediente á Xunta de Goberno Local ou Alcaldía-Presidencia para a emisión da resolución correspondente. No suposto de ditarse unha resolución desfavorable deberá ser motivada.

Ante unha situación de extrema urxencia que requira dunha intervención inmediata e, previo informe da traballadora social, poderá eximirse da presentación dun ou máis documentos dos que deben achegarse coa solicitude.

O órgano competente para resolver sobre as solicitudes presentadas, á vista dos informes e propostas emitidos, ditará resolución motivada, incluíndo os contidos do artigo 88 da Lei 39/2015.

A resolución conterá expresión concreta sobre beneficiario, concepto, contía e forma de pago e expresión de condicións a cumprir, no seu caso.

O prazo máximo para resolver e notificar á persoa interesada, será dun mes, dende a data en que a solicitude se rexistrara de entrada no Concello.

Non tendo ditada resolución expresa no prazo indicado, a solicitude entenderase desestimada.

De conformidade coa lexislación vixente, en todas as fases do procedemento será de aplicación a lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

Artigo 11. Causas de denegación ou extinción da axuda

1. Son causas de denegación da axuda:

- a) Non reunir os requisitos esixidos neste regulamento.
- b) Ter familiares obrigados a prestar alimentos, en virtude do previsto no Título VI do Libro I do Código Civil.
- c) Non ter cumpridas outras obrigas derivadas de calquera programa ou prestación da Área de Servizos Sociais, con indicación expresa da mesma, tendo presunción de certeza o expresado polo persoal técnico social informante no procedemento, salvo proba en contrario.
- d) Cese das causas que motivaron a solicitude.
- e) Calquera outra que non estando recollida nos apartados anteriores o/a traballador/a social/o persoal técnico considere, motivándoo no seu informe.
- f) Que non exista crédito suficiente para a atención da solicitude.
- g) Que a axuda solicitada non sexa axeitada para a resolución da problemática formulada ou detectada.
- h) Que a unidade familiar xa teña percibido no mesmo ano natural subvención de emerxencia social municipal pola contía máxima establecida no artigo 7 do presente regulamento.
- i) Que a axuda solicitada sexa para sufragar débedas contraídas con calquera administración pública.
- j) Non prestar a colaboración necesaria ou impedir a labor técnica.

2. Son causas de extinción da axuda:

- a) O falecemento da persoa solicitante. Non obstante atendendo á situación socio familiar e económica poderá acordarse o cambio de titularidade a outro membro da unidade familiar, mentres subsistan as causas que propiciaron a concesión.
- b) A perda dalgún dos requisitos que motivaron a súa concesión.
- c) Cambio de residencia a outro municipio. Excepto nos casos de desafuzamento e cambio de residencia por motivos de seguridade no caso de vítimas de violencia de xénero.
- d) Incumprimento de obrigas.
- e) Ocultación ou falseamento de datos.
- f) Renuncia expresa da persoa solicitante.





g) Transcurso do prazo de tres meses dende que a axuda está disposta para ser aboada, sen que o ingreso poida ser efectuado por causas imputables a persoa solicitante.

CAPÍTULO IV: PAGAMENTO DA AXUDA ECONÓMICA E OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS.

Artigo 12. Aboamento da axuda económica

Será necesario informe favorable de fiscalización do gasto do servizo de intervención, elevando o expediente ao órgano competente para a concesión.

O libramento faráselle directamente ao/a solicitante ou á persoa ou entidade que preste o servizo (pagamento delegado) para o que se solicita a axuda.

Os pagamentos realizarase mediante transferencia bancaria ou anticipo de pago que deberá xustificar posteriormente, de selo caso.

A axuda xustificarse no prazo de dous meses dende que se notifique a concesión, e farase mediante facturas ou outros documentos orixinais de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.

A contía, finalidade e forma de pagamento das axudas concedidas serán as que determine a resolución.

Artigo 13. Obrigas das persoas beneficiarias das axudas

Constitúen obrigas das persoas beneficiarias destas axudas as seguintes:

1. Destinar as cantidades recibidas á finalidade para que foron solicitadas/concedidas.
2. Comunicar aos servizos sociais comunitarios do Concello, no prazo de 10 días, as variacións substanciais que se dean na súa situación laboral, económica, composición familiar e calquera outra que poida supoñer un cambio na valoración inicial que deu lugar á concesión da axuda. Cando varíen as circunstancias que motivaron a solicitud, pero persista a necesidade da axuda, de forma excepcional, valorada aquela polo persoal técnico municipal, poderase modificar a finalidade da prestación, previo informe social razoado.
3. Facilitar o seguimento da súa situación ao persoal técnico dos servizos sociais comunitarios do Concello.
4. As persoas beneficiarias de axudas ou, no seu caso, quen ostente a súa representación legal, deberán proceder ao reintegro das axudas concedidas en caso de incumprimento das obrigas que se establecen neste artigo.
5. Presentar no Departamento de Servizos Sociais do Concello de Guitiriz, no prazo establecido na resolución, as facturas orixinais ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, polo importe da axuda concedida.
6. Cumprir o proxecto de inserción no seu caso.

Artigo 14. Reintegro e Réxime Sancionador

A falsidade ou ocultación de datos ou documentos achegados polas persoas beneficiarias da axuda, así como a non xustificación total ou parcial da mesma, ou destinada a un fin distinto para a que foi concedida, implicará o impedimento de solicitar unha nova axuda por un período dun ano, ou coas normas de aplicación baseadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de que a persoa beneficiaria non teña xustificado o bo uso da axuda dará lugar á obriga de reintegrar a cantidade non xustificada. O concello deberá tomar as medidas necesarias e principalmente, denegar calquera outra subvención.

Artigo 15. Seguimento das axudas

Serán os Servizos Sociais os que fagan o seguimento das situacións de necesidade protexida





polas axudas de emerxencia social, así como o destino dado ás mesmas podendo requirir ás persoas beneficiarias a información ou documentación necesaria para o exercicio da devandita función de forma adecuada.

Artigo 16. Límite Orzamentario

Estas axudas económicas estarán supeditadas ás limitacións orzamentarias que anualmente se establezan.

Artigo 17. Entrada en vigor

O presente regulamento entrará en vigor trala súa publicación no Boletín Oficial da Provincia , unha vez transcorrido o prazo establecido no artigo 70.2, en relación co artigo 65.2, da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e continuará vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

As solicitudes de axudas que se atopen en trámite ou fase de recurso na data de entrada en vigor das presentes bases, resultarlles de aplicación o disposto nas mesmas.

En Guitiriz, asina a Sra. Alcaldesa-Presidenta na data que figura ao marxe.

